



## Concello de Moaña

---

### **BASES PARA A SELECCIÓN DE TRES PERSOAS TITORAS DE EMPREGO PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE MOAÑA 2023/2024, COFINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE.**

#### **PRIMEIRA- OBXECTO**

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección das persoas titoras de emprego que serán contratadas dentro do Programa Integrado de emprego do Concello de Moaña 2023/2024. O proxecto está subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Os postos que se convocan son:

- 2 postos de titor/a de emprego con 10 meses de contrato.
- 1 posto de titor/a de emprego con 6 meses de contrato.

Nos tres casos se trata de contratacións a xornada completa. A modalidade de contratación será a de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405).

As retribucións brutas mensuais do posto ascenden a 2.137,33 euros.

#### **SEGUNDA- FUNCIONES**

Tendo en conta que estas persoas técnicas terán como obxectivo esencial desenvolver o programa integrado, promovendo a inserción social e laboral dos beneficiarios do programa, mediante a prospección e o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción. As súas principais funcións serán:

- Apoio na selección das persoas candidatas con posibilidades de inserción sociolaboral.
- Accións de información e orientación laboral e acompañamento na busca de emprego.
- Detección de necesidades formativas, así como deseño, programación, posta en marcha e seguimento das mesmas (cursos de formación, convenios de colaboración con empresas...).
- Análise do mercado de traballo e captación e xestión de ofertas de emprego.
- Mantemento de relacións e contactos directos co tecido empresarial, creando unha rede estable de contactos entre o empresariado da área e o concello que facilite a incorporación das persoas beneficiarias do programa no mercado laboral, a través de: ofertas de emprego, convenios...
- Colaboración na inserción laboral efectiva co equipo técnico de desenvolvemento local, na adecuación dos perfís ás necesidades das empresas xestionando as ofertas e facendo a derivación das persoas candidatas ós postos ofertados.
- Deseño, seguimento e execución de accións de intermediación para as persoas do proxecto.
- Seguimento nas prácticas e contratacións laborais das persoas participantes no programa.
- Elaboración de informes e memorias.



## Concello de Moaña

---

- Colaboración coa técnica de desenvolvemento local na planificación de gastos e xustificación económica do proxecto.
- Mecanización no aplicativo informático de toda a información xerada e outras tarefas administrativas necesarias.
- Calquera outra relacionada coa coordinación e seguimento do programa integrado.

### **TERCEIRA- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES:**

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que as persoas aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- a) Ser español/a. As persoas nacionais dos demais estados membros da U.E. e as estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións. deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- c) Estar en posesión de titulación universitaria de grao ou equivalente.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se opta e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto.
- e) Non ser persoa separada, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse a persoa inhabilitada para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da contratación.

### **QUINTA.- SOLICITUDES:**

As solicitudes das persoas candidatas presentaranse, ata o día 29 de xaneiro de 2024, preferentemente na sede electrónica do Concello de Moaña (<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), tamén poderán presentarse no rexistro do Concello , ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/15 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de presentarse fóra do rexistro do Concello e da súa sede electrónica a persoa aspirante deberá dirixir por fax ao núm.: 986 310104, unha copia da instancia e documentación que presenta, con anterioridade ao remate do prazo, para os efectos de que poida ser incluído/a na relación de admitidos/as. No caso de non enviala por fax a persoa quedará automaticamente excluída.



## Concello de Moaña

---

As solicitudes, cubertas no modelo de instancia xeral da sede electrónica do concello, presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

- DNI e documento de afiliación á seguridade social.
- Título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto e de non ser persoa separada, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse a persoa inhabilitada para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade segundo as disposicións vixentes.
- Documentación acreditativa da experiencia profesional (acreditada mediante contratos, nóminas ou certificacións oficiais mais vida laboral actualizada).
- Documentación acreditativa da formación que desexen lle sexa valorada na fase de valoración de currículos.

### **SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR:**

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

**Titulares;** Presidenta: María Torea Priegue

Secretaria: Carmen Pérez García.

Vogais: Juana M Rosales Muñoz, Marta Santomé Santiago e Patricia Lores Rivera.

**Suplentes;** Presidenta: Susana García Gomez

Secretaria: María Del Carmen Chapela González

Vogais: Paula Soto Viñas, Mar Soage Bernardez, Sara Rivas Martínez

### **SÉTIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.**

O procedemento constará de 3 fases; valoración de currículos, proba tipo tema e entrevista persoal.

#### **1ª FASE : VALORACIÓN DE CURRÍCULOS: 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.**

A.- Formación complementaria. – Máximo 2 puntos.

Por ter asistido a masters, cursos de formación, xornadas, conferencias....., en materias relacionadas con: mercado de traballo, formación ocupacional, orientación laboral, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, selección de persoal, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos, igualdade de xénero, planificación de gastos, xustificación de subvencións e en xeral cursos relacionados coas funcións do posto que figuran na base segunda, outorgarase unha puntuación de 0,03 puntos por cada 30 horas formativas.

Valoraranse tamén os cursos de informática a nivel usuario.



## Concello de Moaña

---

No caso dos cursos de prevención de riscos laborais so se valorará o de maior grao ou duración de entre os acreditados.

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación.

B.- Experiencia profesional. – Máximo 2 puntos.

Por cada período de seis meses de experiencia en posto igual ao que aspira: Persoa Titora, orientadora ou promotora de emprego en programas integrados de emprego ..... 0,30 puntos.

Por cada período de seis meses de experiencia en posto similar: Persoa Titora , orientadora laboral ou promotora de emprego noutros programas fomento do emprego..... 0,15 puntos.

**2ª FASE: PROBA TIPO TEMA: 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.**

As persoas aspirantes deberán desenvolver unha programación dun programa integrado para o emprego (totalmente inventado e deseñado por eles) cunha duración de 12 meses que teña como ámbito de actuación a Comarca do Morrazo.

Esta programación, dun máximo de 6 folios a unha cara (portada incluída) en letra Times New Roman 12, interliñado sinxelo e marxes 3,3,3 e 2, deberá ser entregada polos aspirantes ao tribunal o mesmo día en deban proceder á exposición da mesma. Os aspirantes disporán 15 minutos para realizar a exposición da programación. A programación deberá tentar ser orixinal (non unha copia de programas executados) e adecuada ao entorno no que pretende desenvolverse o programa.

Deberá incluír necesariamente:

- Denominación do programa.
- Colectivos aos que se dirixe e número de participantes, con explicación da elección de colectivo e principais problemas que poderían darse na selección de participantes.
- Sectores nos que se centraría.
- Enumeración e descrición das distintas accións a desenvolver e problemas que soen darse en cada unha delas.
- Cronograma.
- Poderá incluírse ademais calquera outra información que as persoas aspirantes consideren precisa para a descrición e valoración da súa programación.

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Para superala os aspirantes deberán obter unha puntuación mínima de 2 puntos.



## Concello de Moaña

---

### **3ª FASE: ENTREVISTA- EXAME ORAL. 20% da puntuación. Máximo 2 puntos.**

O tribunal disporá de 10 minutos para realizar ás persoas aspirantes preguntas que versen acerca da programación de programa integrado por eles presentada, así como acerca do funcionamento dos programas integrados en xeral (posta en marcha dos programas, accións a desenvolver, xustificacións económicas, obxectivos de inserción, memorias...) e as funcións propias do posto que se inclúen na base segunda das presentes bases.

**Mediante estas 3 probas as persoas aspirantes poderán acadar un máximo de 10 puntos. Consideraranse seleccionadas aquelas que acaden maiores puntuacións.**

**Consideraranse seleccionadas para as contratacións de maior duración, 10 meses, as dúas persoas candidatas que acaden as mellores puntuacións, e para a contratación de 6 meses a persoa candidata que acade a terceira mellor puntuación.**

**En caso de empate entre as persoas aspirantes dirimirase este en favor da persoa con maior experiencia acreditada como titor/a, orientador/a ou promotor/a de emprego en programas integrados para o emprego.**

### **OITAVA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS E LISTAXE DE RESERVAS.**

Rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Moaña (<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>) a relación das persoas seleccionadas por orde da puntuación obtida.

O Tribunal cualificador elevará ao órgano competente a proposta de contratación das persoas aspirantes que obteñan a maior puntuación para cada un dos postos de traballo, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

As persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, non resulten seleccionadas para a súa contratación, pasarán a formar parte dunha listaxe de reservas pola súa orde de puntuación. Esta listaxe poderá empregarse para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas inicialmente seleccionadas e contratadas para cada un dos postos obxecto desta convocatoria.



## Concello de Moaña

---

### **NOVENA: PRAZOS.**

**Presentación de instancias:** Ata o día 31 de xaneiro de 2024.

**Listaxe provisional de admitidos e excluídos e valoración provisional de currículos :** Día 2 de febreiro.

**Período de alegacións a este listado:** día 5 de febreiro.

**Listado definitivo de admitidos e valoración definitiva de currículos:** Día 6 de febreiro

**Exame tipo tema e entrevista- exame oral:** Día 7 de febreiro ás 9:00 horas na sala de xuntas do Concello. A programación deberá entregarse neste momento por todos os aspirantes.

**Publicación de resultados provisionais:** Día 8 de febreiro ás 9:00 horas.

**Período de alegacións:** Días 8 e 9 de febreiro.

**Publicación de resultados definitivos:** Día 12 de febreiro.

### **DÉCIMA: PUBLICIDADE.**

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Moaña (<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>)

### **DÉCIMO PRIMEIRA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Para todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación a Orde de 14 de xuño de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, reguladora dos programas integrados para o emprego para o período 23\_24, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Legislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

As bases desta convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do Tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015.